EXERCICIO DE APOIO – UNIDADE 9-

CUESTIÓNS:

1. **Cales son as diferentes técnicas –signos verbais- que hai para expresar a voz dos personaxes?**
2. **Que diferenza hai entre espazo escénico e espazo dramático?**
3. **Que estrutura externa presenta o texto teatral?**
4. **Que son as didascalias?**
5. **Explica a diferenza entre luz dramática e descritiva.**
6. **Define traxedia e comedia e dá un exemplo de cada unha delas.**

SOLUCIÓNS:

1. **Cales son as diferentes técnicas –signos verbais- que hai para expresar a voz dos personaxes?**

Existen diferentes técnicas para expresar a voz dos personaxes en escena:

- **Diálogo:** un personaxe conversa con outro/s.
- **Monólogo:** un dos personaxes en escena fala só.
- **Á parte:** o personaxe di en voz baixa unhas breves palabras dirixidas ao público (buscando a súa complicidade), como se se lle escapasen.
- **O coro:** vén ser unha especie de personaxe colectivo con múltiples funcións: conciencia o recordo do personaxe que fala. Adiviño que predi os acontecementos que van acontecer; narrador con reflexións filosóficas morais e adivinatorias.

2. **Que diferenza hai entre espazo escénico e espazo dramático?**

Espazo escénico	Espazo dramático
Lugar real onde se representa a acción: no teatro, nun escenario, cuns decorados, cunha iluminación... Este espazo escénico debe representar o espazo dramático.	Lugar imaxinario onde supostamente acontece a acción: un cuarto dunha vivenda, un castelo, un xardín...

3. **Que estrutura externa presenta o texto teatral?**

O texto teatral presenta a seguinte **estrutura externa…**

- **ACTOS:** Habitualmente son tres e corresponden a outros tantos momentos na estrutura interna da obra:
  - Presentación.
  - Nó ou clímax.
  - Desenlace.
- **CADROS:** son as porcións de acción que transcorren nun mesmo espazo escénico ou decorado. Cambia o cadro cambia o decorado.
- **ESCENAS:** son as partes en que se divide un acto ou un cadro as cales interveñen os mesmos personaxes. Cando un personaxe entra ou sae hai un cambio de escena.

4. Que son as didascalias?

Son as indicacións para a posta en escena da obra, a súa finalidade é servir de guía para a escenificación ou axudar ao lector a visualizar mentalmente a sua representación.

As didascalias informan:

— As características do espazo escénico (decorados, iluminación,...)
— A xestualización e entoación dos actores e actrices.
— A dirección da súa conversa, é dicir, a quen se dirixen cando falan.
— As entradas e saídas dos personaxes.

Lembremos que hai didascalias que son verdadeiras obras de escrita literia e van máis alá do puramente metateatral, é dicir non son só indicacións obxectivas da posta en escena. Este é o caso que atoparemos no *Hamlet* de **Cunqueiro.**

XORNADA PRIMEIRA

Unha sala no castelo de Elsinor. Paredes núas, afumadas. Onde non, pousa o mofo verde, que brilla en esmeralda ou ouro vello cando o roza a raiola do sol ou a luz das lámpadas. Á dereita, unha grande escaleira de pedra que rube á Torre dos Esperteiros. A esquerda, unha chimenea: no fogar arde un lume canso. Altas bóvedas e podentes trabes de Carballo. Unha única fiestra, ó fondo, aberta sobre a néboa da mañá. Aquí e acolá, nas paredes, fiteiras e saeteiras. A sala é terrea. Non se escoltan os pasos da xente.

O coro baixa despacio polas escaleiras. Un fato de xentes escursas, sen idade nin sexo, que visten roupas pardais, ou da color do fume e do mofo, que arrimadas ás paredes se confuden con elas. A parte do Coro vana declamando, como por turno, as xentes estas, adiantándose do mestro grupo para dicila, e voltando presto ó anónimo. Voces, as do Coro, súpetas unhas, apaixonadas outras, outras graves e reflexivas.

Don Hamlet, **Álvaro Cunqueiro**

Comparémola coa simplicidade da de **Miguel Anxo Murado.**

Noutro punto do escenario: a entrada da pousada. Está só o taberneiro limpando as mesas. Entra un home con aspecto de avogado, con quevedos. Trae a súa equipaxe que son unhas bolsas e un traxe nun percheiro. Deixa a equipaxe á entrada e diríxese ao taberneiro.

Miguel Anxo Murado, *A grande noite de Fiz.*

5. **Explica a diferenza entre luz dramática e descritiva.**

Para a iluminación durante as representacións úsanse os reflectores, cos que se iluminan os actores, e os instrumentos de proxección, que serven para imitar elementos da natureza. Así temos dous tipos de luz que atenden a funcións diferentes:

- **Luz descritiva**: serve para indicar ao espectador, por convención, é a realizada con xogos lumínicos de focos, un momento do día ou da noite. Tamén serve para amosar algún elemento lumínico que non se pode incorporar ao escenario, por iso o substitúe. **Exemplo:** *abrente, solpor, faros dun coche, etc.*

- **Luz dramática:** serve para sinalar puntos de liña de atención. **Exemplo:** *canón de luz enfocado a cara dun só personaxe.*

6. **Define traxedia e comedia e dá un exemplo de cada unha delas.**

TRAXEDIA	COMEDIA
Xénero dramático que moitas veces remata coa morte do protagonista. Os personaxes son seres superiores que viven conflictivamente a confrontación entre o seu destino e a realidade. Consta de exposición, desenvolvemento e desenlace ao longo de **tres ou cinco actos.** Caracterízase pola creación de temas lendarios, mitolóxicos ou históricos nos que se presentan grandes interrogantes do ser humano, emprega unha linguaxe culta e o seu obxectivo único é producir unha catarse ou purificación das propias emocións.	Ten a mesma estrutura formal ca traxedia, pero os personaxes son de condición inferior á desta. Presenta unha visión non problemática das imperfeccións humanas (trata de imitar a realidade cotiá da xente normal). **A súa finalidade e facer rir.** A comedia é un xogo alegre que busca o divertimento mediante a presentación dunha serie de conflitos supostos, situacións falsas ou personaxes ridículos. Moi pronto converteuse no reflexo teatral da vida cotiá. Os personaxes da comedia son, polo xeral, individuos correntes. Nalgunhas destas obras o que máis interesa é o desenvolvemento dunha complicada trama que dá lugar a equívocos (comedia de enredo); outras céntranse no carácter do protagonista; por último están as comedias de costumes.
Hostia, **Armando Cotarelo Valledor.**	*O achado do castro,* **Manuel Núñez Singala.**